Asociación de Familias e Amigos
Proxecto Home

Rúa Cottolengo 2
15702 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 572 524

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2026

Estimado/a socio/a:

Como cada ano, convocámoste á **Festa de Solidariedade.** Nesta **32ª. edición**, terá lugar en **Santiago de Compostela.**

Grazas á inestimable colaboración do Excmo. Concello de Santiago, desenvolverase no **Multiusos "Fontes do Sar".**

A data da xuntanza é o **Sábado 12 de Setembro de 2026 e** o programa de actividades para este día é o seguinte:

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

10:00 – 10:15: Chegada dos autobuses á dársena de Xoán XXIII.
10:30 – 10:45: Chegada á Praza da Quintana
11:00 – 11:35: Benvida e acto preparado por un grupo de persoas en tratamento.
12:00 – 13:00: Misa do Peregrino. QUEN QUEIRA ASISTIR TEN QUE ESTAR NA PRAZA DA INMACULADA (parte de atrás da Catedral), AS 11:40, PARA PODER ACCEDER A CATEDRAL EN GRUPO IDENTIFICADO.
13:15: Saída de autobuses da dársena de Xoán XXIII cara ao Multiusos Fontes do Sar.
14:00 – 14:15: Benvida no Multiusos Fontes do Sar.
14:30 – 15:30: Comida. COMO TODOS OS ANOS HABERÁ VENDA DE REFRESCOS
15:30 – 15:45: Homenaxe ao voluntariado de Proxecto Home Galicia.
15:45 – 16:30: Actuación das persoas en tratamento dos distintos centros de Proxecto Home Galicia.
16:30 – 17:00: Fin de Festa Musical.
17:00 – 17:30: "Zafarrancho" ecolóxico.
18:00: DESPEDIDA.

HABERÁ VENDA DE CERÁMICA FEITA NO NOSO CENTRO DE ACOUGO EN VIGO.

Sodes parte da historia e da gran familia de Proxecto Home Galicia
QUE NON FALTE NINGUÉN!

IMPORTANTE: O servizo de autocares terá un **prezo de 14 € por persoa**. **É preciso que vos inscribades** nos distintos centros para o uso do autobús. **Se non se enche o autobús non se poderá contratar o servizo**.

Máis información

- *Santiago: 981 573 020*
- *Vigo: 986 374 646*
- *Ourense: 988 371 192*
- *A Coruña: 981 295 432*
- *Carballo: 618 745 465 (Helena)*

Unha aperta.

Vº. Bº. Sandra Barca Bravo
Presidenta Asociación de Familias e Amigos de Proxecto Home Galicia

Ofelia Debén Rodríguez
Directora de Proxecto Home Galicia